



Saúde e perspectiva de xénero – Cultura científica 4ºESO

«Un enfoque de xénero en saúde diferénciase dunha análise puramente enfocada no sexo (centrado en diferenzas biolóxicas) xa que busca identificar as diferenzas sociais e culturais experimentadas por mulleres, varóns e outras identidades, e o impacto que teñen na súa relación coa saúde. Así, mentres o sexo pode indicar diferentes factores de risco ou a necesidade de outro tratamento fronte a unha mesma patoloxía, o xénero pode determinar diferente posibilidade de acceso á atención sanitaria, adherencia a tratamentos ou impacto dos determinantes sociais e económicos da saúde.

O paradoxo do xénero en saúde

Na década de 1970 púxose de manifesto a existencia dun paradoxo que se coñece hoxe como “o paradoxo do xénero en saúde”. A partir das revisións da bibliografía sobre as diferenzas entre os sexos en enfermarse e morrer, fíxose evidente a existencia dunha mortalidade e dunha morbilidad diferencial entre homes e mulleres: a nivel mundial, as mulleres teñen maior expectativa de vida que os varóns (arredor de 73 anos para as primeiras e preto de 69 anos para os segundos), dato que conduciu a que algúns defendan a idea de que son os homes, non as mulleres, quen atopan unha situación de saúde máis vulnerable. Porén, se ben as mulleres viven máis, sofren de peor saúde. Non se pode explicar esta diferenza apelando a un só motivo: débese a factores multicausais en relación con diferenzas en riscos relacionados con estilos de vida, factores biolóxicos, condutas de saúde e enfermidade, diferenzas na utilización dos servizos de saúde, etc.

Posteriores investigacións mostraron tamén casos nos cales os varóns sofren de peor saúde, pero cunha mellor supervivencia que as mulleres, pero trátase de casos específicos nos que a comparación se limita a un grupo de idade particular ou a un territorio determinado ou, tamén, ás condicións socioeconómicas que os caracterizan. Con todo, globalmente o paradoxo mortalidade/morbilidad (que as mulleres viven máis que os homes, pero teñen peor saúde sostense, a pesar de existir algunhas diferenzas en casos illados.

Cómpre destacar que o xénero é un máis de todos os determinantes en saúde, aínda que estruturalmente sexa un dos máis importantes. Por iso cando se realizan análises dentro dos diferentes grupos, se observan tamén diferenzas entre todas as mulleres con respecto á raza, etnia, idade, nivel socioeconómico, educación, lugar onde habitan, orientación sexual e outros...»

Texto adaptado de: <https://ecofeminita.com/la-importancia-de-la-perspectiva-de-genero-en-salud/?v=04c19fa1e772>

Sabías que...?

- A pesar de que hai un recoñecemento dos organismos internacionais da importancia de incluír a perspectiva de xénero nas investigacións en saúde, gran parte dos datos estatísticos sobre saúde aínda non están desagregados por sexo.
- Aínda máis: a ausencia frecuente de mulleres nos ensaios clínicos non permite a correcta xeneralización dos resultados a toda a poboación, con consecuencias negativas para a saúde das que quedan excluídas: entre 1997 e 2000, o 80% dos medicamentos que foron retirados do mercado nos Estados Unidos foi por causa dos efectos secundarios que o seu uso tivo nas mulleres.



Imaxe modificada de: <https://www.paho.org/es/temas/igualdad-genero-salud>

Sabedes o que é a «violencia obstétrica»??